



## A ESCOLA DA VIDA

# A xogar!

18.12.2010

JOSÉ MANUEL SUÁREZ SANDOMINGO

Atopar o xoguete adecuado para cada neno é un entretemento interesante pero que require de certas habilidades por parte dos pais. A primeira é a observación de cales son os centros de interese do neno. É un neno que se entretén con calquera cousa ou que só lle gustan os xogos activos ou os de concentración? A segunda cualidade é a de saber interaccionar cos seus fillos. Falar cos fillos, axuda a saber por que prefiren un xoguete e non outro; que ven de atractivo nun coche ou nunha casaña, nun xogo de mesa ou nun mecano para construír. E, por último, está a capacidade para avaliar o valor intrínseco dos xoguetes, pois o xogo é a actividade infantil por excelencia, un instrumento educativo natural, a través do que se relaciona e interpreta o mundo que lle rodea.

O xogo é un acto espontáneo no neno. Calquera cousa lle serve para divertirse. Primeiro, xoga co que máis a man ten: o seu propio corpo. Logo cos obxectos que se atopan ao seu alcance e, por fin, acabará usando a súa imaxinación para idear xogos que non necesitan de xoguetes específicos e que o levarán a establecer conexións cos demais a través do acto e a palabra.

Así pois, os pais deberán buscar ese xoguete ou xogo que estea en consonancia coa súa idade, personalidade e que, ademais, poida serlle útil para comprender e imaxinar a súa contorna. Os xogos dos nenos son expresión das súas emocións e, polo tanto, repercutirán na súa socialización e aprendizaxes posteriores.

Segundo os expertos, os nenos dedican, até os 6 anos, unha media de 17.000 horas a xogar. Parece que xa suamos cando trasladamos esa cantidade de tempo a unha actividade laboral de adulto, pero a súa razón está en que os nenos senten unha inclinación natural a xogar, ou, o que é o mesmo, a transformar todas as súas actividades en xogos, xa sexa comer, pasear, estar á cola nun supermercado ou calquera outra considerada polo adulto como unha tarefa pouco lúdica.

Os pais que prestan todo o ano atención aos seus fillos non terán ningún problema á hora de elixir estes días o xoguete máis idóneo, máis difícil terano os que non o fixeron, xa que terán eles mesmos que xogar á ruleta rusa, e se acertan crerán que o mérito é seu e, senón, botaranlle a culpa ao neno, que non sabe valorar nunca o que se lle dá..